



A CIG-Ensino urxe a derogación do mal chamado decreto de plurilingüismo e a mudar o rumbo da normalización do noso idioma no sistema educativa

A Lei de Normalización Lingüística de 1985 di o seguinte, no seu capítulo 2, relativo ao ensino:

- 13. 2. As Autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino.
- 14.3. As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

Todos os estudos dos últimos anos demostran que a actual Xunta lexisla para conseguir o contrario e, por suposto, conségueo. O informe do IGE é demoledor e calquera responsábel político na Consellaría de Educación e na secretaría xeral de política lingüística cun mínimo de vergoña e decencia tería presentado a súa dimisión. O que pasa é que o PP isto non é a constatación dun fracaso senón o retrato do triunfo.

Sen derogación do actual decreto, sen unha rectificación por completo da política en materia de lingua no ensino, sen unha regulación que promova un proceso no que o galego teña un uso moito maior que na actualidade o proceso de substitución do galego polo castelán no alumnado estará rematado nunha xeración, quedando o noso idioma relegado por completo.

Con eses cambios non se conseguiría un cambio relevante nin en cinco nin en dez nin seguramente en vinte anos porque estamos moi perto dun punto de non retorno, mais seguindo como até

agora todos os cargos políticos desta Consellaría e na presidencia da Xunta pasarán a historia como artífices principais da desaparición do galego entre a mocidade.

A CIG-Ensino denuncia as numerosas incidencias en contratación de persoal interino neste comezo de curso

Unha vez comezado o curso foron abundantes as vacantes, tanto a xornada completa como a media xornada, que se foron colgando. Algunhas delas aínda nestes últimos días. Practicamente todas contaban con informes contundentes das direccións e moitas destas foran informadas favorablemente polas inspeccións desde o mes de xullo. A única explicación para non as ter adxudicado no CADP é a de recortar o máximo posíbel e despois ir rectificando o mínimo posíbel. Toda esta política de recortes prexudica os centros e o alumnado, que pasaron días sen ter profesorado co que contaban e, por suposto, tamén o profesorado que non puido optar a moitas desas prazas de longa duración, por non se adxudicar no CADP ou por non estar colgadas cando foi chamado.

Reiteramos a nosa exixencia de apertura de listaxes de substitución de especialidades esgotadas de facto

Hai máis de tres semanas que o sindicato se dirixiu á dirección xeral para alertar da situación de determinadas listas que estaban a piques de se esgotar e mesmo dalgunha na que xa non quedaba ninguén. Díxosenos que estaría en breve por dúas ocasións e a situación segue igual. Hai unha vacante de Jazz-Contrabaixo no CMUS Superior da Coruña sen adxudicar desde comezo de curso e hai agora mesmo 6 prazas de

informática, 7 de Sistemas de Aplicacións Informáticas e 6 de Instalacións electrotécnicas sen cubrir.

A Consellaría, por terceira vez desde que llo demandou a CIG-Ensino, comunica que abrirá listas en varias especialidades esta mesma semana.

Denunciamos os ceses a 30 de xuño de persoal interino contratado baixo a denominación Plan MEGA

O uso indebido que a administración vén facendo de fondos europeos para, no canto de destinalos ao fin expreso para o que se financian algúns programas, chegou neste curso ao extremo do denominado Plan Promociona, que figura nas contratacións de setembro como Plan MEGA: non foi froito de ningunha convocatoria de contrato programa, foi empregado pola Consellaría para cubrir postos necesarios e mesmo estruturais e negados en xullo aos centros. Cesar ese profesorado a 30 de xuño é, desde o noso punto de vista, ilegal porque non están substituíndo a ninguén e realizan funcións ordinarias das súas especialidades. É unha discriminación que simultaneamente a estas 163 contratacións (159 o 9 de setembro e 4 o día 10) e mesmo en semanas seguintes se estean a dar prazas para facer o mesmo mais neste caso con nomeamentos correctos até 31 de agosto.

Exiximos unha rectificación nestes contratos e que se estendan todos até o 31 de agosto.

Igualmente demandamos que todo o profesorado interino que ocupa postos de docentes que deixan o centro unha vez comezado o curso para realizar funcións que implica que non retornarán en todo o curso (RAOGAL, Polos creativos, FP dual...) teñen que ter contratos até 31 de agosto.

A Consellaría atreveuse a afirmar que todo é correcto e que as adxudicacións son para atender necesidades educativas especiais. Na réplica da CIG-Ensino puxéronse exemplos de postos que

claramente son estruturais e a resposta da dirección xeral foi que non deberían darse casos de profesorado con titoría mais, unha vez dito isto, anuncian que non rectifican, o que levará á CIG-Ensino a acudir aos tribunais.

Prazas do Plan PROA+

A adxudicación das prazas deste programa deixa sen adxudicación a 247 centros e excluídos a 97 centros, reducindo a relación de centros que contarán cunha destas prazas a 298.

Demandamos que, como se facía até este ano, figure a especialidade concedida e que se coñeza a puntuación outorgada nos diferentes apartados a cada centro. Se estamos a falar dunha convocatoria en concorrencia competitiva (algo que a CIG-Ensino non comparte ao entender que todos os fondos destinados a contratos programa deberían ser para aumentar os cadros de persoal con prazas fixas e non de reforzo puntual) debe haber máxima transparencia.

A dirección xeral de centros dará traslado á dirección xeral de ordenación.

Ampliación de axenda e prazo para a solicitude de recoñecemento médico

En resposta á nosa denuncia da inexistencia de axenda para pedir citas de revisión de saúde, a Consellaría respondeunos o pasado venres que houbo un incremento importante da demanda ao respecto do ano pasado (+1000) e que iso ocasionou que determinados centros médicos quedaran colapsados. Tamén se nos indicou que se xestionara a apertura de novas datas e que se informaba disto a quen o consultaba.

Primeiro, o domingo a axenda das sete cidades estaba practicamente igual (Pontevedra seguía sen ningunha dispoñibilidade).

Podemos entender o erro de previsión mais non estamos de acordo coa solución. Debe darselle máis difusión a estas revisións. Se recibimos todos os venres un correo masivo da Consellaría que menos que recibir un no que se nos indique

que está aberta a revisión médica anual. Hai moito profesorado de nova incorporación que ten escasa información sobre este dereito.

Demandamos que se amplíe unha semana o prazo e que se informe a todo o profesorado (a non se que, como sempre, o que estea detrás de todo sexa o desmedido interese da Consellaría por reducir o que “gasta” no profesorado).

A Consellaría reconece o colapso e asegura que “ninguén quedará sen revisión” mais ante o inminente remate do prazo (mércores 16) non se compromete a abrir o novo prazo que lle demanda a CIG-Ensino.

Exiximos o recoñecemento do departamento de Portugués no IES San Paio de Tui

Este centro leva máis de 20 anos funcionando cun departamento de Portugués. Neste curso, e por segunda vez tras un primeiro intento hai 4 anos, comunícanlle a súa supresión. Exiximos unha rectificación e que se garanta a continuidade do departamento como tal.

Demandamos unha vez máis o recoñecemento para todos os centros nos que se imparte Portugués ou outra lingua estranxeira (italiano, alemán) así como o departamento de ámbitos de FP Básica en CIFP ou da familia profesional correspondente en CEE. É unha vergoña que despois de máis de dous anos de recoñecer que pode facerse sen tocar o ROC non se fixera nada. Todo por non pagar un complemento de 79€ e non reducir horario para recoñecer o que realmente se fai? É unha vergoña.

Limítanse a afirmar que falarán o tema coa dirección territorial, ao que a CIG-Ensino replica que xa están de volta de tema e que, supostamente, estaban á espera da dirección xeral.

Plan de Igualdade

Só se celebrou a reunión de constitución da comisión de negociación e nela negociouse un

regulamento que aínda non se nos remitiu para facerlle as achegas finais.

Urximos á Consellaría a seguir co proceso de negociación, xa que este ten que estar concluído no prazo dun ano desde a constitución -xuño de 2025- e non estamos en disposición de aceptar negociacións de ultima hora coa premura do prazo legal.

Afirman que están reunindo datos que teñen que enviarnos e que contan de convocar en breve.

Unidade saúde mental infanto xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro

Segue sen darse solución á dotación da aula hospitalaria da unidade de saúde mental infanto xuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo. O ano pasado cubriuse con persoal de atención domiciliaria, pero a máis de ser un mero parche este ano está sen cubrir.

Non poden usar a aula hospitalaria ordinaria por dous motivos: porque é alumnado en illamento e porque as aulas están en plantas distintas.

Vai dotar a Consellaría esta aula ou terán as familias que presentarse ante a xustiza para que se de fin a esta desprotección do alumnado?

A dirección xeral non asegura que se vaia cubrir a praza, como si fixeron o ano pasado, e alega que todo o relacionado coas unidades de saúde mental infanto xuvenil está en revisión entre Educación e o SERGAS (a mesma resposta que se nos deu o ano pasado).

Itinerancias nas EOI

Existen diferentes criterios nas EOI á hora de facer fronte a gastos de desprazamentos e itinerancias. Desde a CIG-Ensino trasladamos esta discrepancia hai xa varios meses á Dirección Xeral. Nada se fixo desde aquela. Urximos a que se aclare que criterio se debe empregar con carácter único para todos os centros e non dous como actualmente.

- considerar como itinerante o profesorado das EOI e, por tanto, descontar as horas que sexa preciso en función dos desprazamentos desde o centro base e pagar eses desprazamentos cos fondos de itinerancias (adiantando os centros e xustificando despois aos servizos centrais para cubrir eses gastos).
- considerar como unha indemnización por razón de servizo.

Como CIG-Ensino consideramos que debe ser a primeira opción.

En resposta, indican que tratarán o tema coa subdirección de ensinanzas de réxime especial e que revisarán o que se está facendo nas EOI para unificar criterios.

Certificación de horas de formación para o profesorado que participou nas avaliacións diagnósticas

Preguntamos a que se debe a demora na certificación de horas de formación para o profesorado que participou nas avaliacións diagnósticas, que está recollida no punto 12º da resolución que regula estas avaliacións

Comprometéronse a que estea todo listo para o CXT.

Revisión de proxectos para licenzas por formación suspensos

A petición da CIG-Ensino nas comisións de valoración de licenzas, a Consellería estableceu a posíbel revisión de proxectos suspensos durante a semana que remata. Recibimos queixas de 5

persoas que foron convocadas e asistiron a estas revisións:

- Recibiron unicamente unha rúbrica de corrección máis detallada ca que se publicou na convocatoria e unha puntuación desglosada con notas máximas e mínimas por apartados das que se obtivo unha media.
- Foron advertidas de que non podían fotografar as rúbricas, unicamente podían tomar notas das mesmas.
- Hai apartados que aparecen non puntuados no seus proxectos, malia constar como feitos nos mesmos.
- Non foron recibidos polas persoas correctoras, tal como se pediu desde o sindicato, para que lle puidese dar unha explicación das puntuacións asignadas (nalgúns casos a décimas do aprobado). Ao non recibir ningunha explicación, valoran que a “revisión” non é produtiva de cara á elaboración dun novo proxecto en futuras convocatorias.
- No caso das revisións de FP:
- Non hai rúbrica de corrección.
- Mandan un asesor que non estivo na corrección e non mirou as revisións e as respostas son “modelo”: non se axusta á realidade dos proxectos.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal